



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANUNCIO

Mediante resolución de data 1/07/2021 da Concellería delegada de persoal aprobouse a convocatoria e bases de selección seguintes,

CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO, DE 1 PERSOA DESEMPREGADA COMA PEÓN PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO "FOMENTO DO EMPREGO RURAL 2021", cuxo articulado e o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

O Concello de Tui o abeiro da Orde de 12 abril 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (código de procedemento TR351G), publicada no DOG núm. 73, do 20 abril 2021, solicitou unha subvención para sufragar os custes salariais e de seguridade social derivados da contratación por un período de 9 meses de 1 traballador desempregado para o programa APROL RURAL 2021, co obxecto de proporcionarlle a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

Con data 28/06/2021 a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, dita unha resolución pola que se concede ao Concello de Tui unha subvención para a contratación laboral temporal de **1 traballador**, a tempo completo por un período de nove meses para a realización da obra ou servizo denominado "FOMENTO DO EMPREGO RURAL 2021"

De conformidade co art. 14 da convocatoria para contratación temporal de persoas para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), da Consellería de Emprego e Igualdade, publicada no DOG núm. 73, do 20 abril 2021, observaranse os seguintes requisitos:

Artigo 14. Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras

1. Os traballadores e as traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polos/as que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social. Será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que no momento do inicio da relación laboral a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego como demandante non ocupada dispoñible para o emprego.

2. Os traballadores e as traballadoras que foran contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde, salvo en concellos rurais de menos de 2000 habitantes (Padrón municipal de habitantes 2019. IGE).



3. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán os traballadores e as traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO), de conformidade cos seguintes principios xerais:

a) A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no número 5 ou se traten de favorecer os colectivos enumerados neste.

b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral

c) Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos á titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

d) As entidades locais deberán presentar as ofertas cunha antelación mínima de 15 días hábiles na data prevista para realizar as correspondentes contratacións na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado.

4. Recibida a oferta, realizarase unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dous nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.

5. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.

b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

c) Persoas paradas de longa duración.

d) Persoas con discapacidade.

e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.”

2.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é proceder á selección de **1 peóns** para a actividade de “**FOMENTO DO EMPREGO RURAL 2021**” dentro da convocatoria para contratación temporal de persoas para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), sendo as tarefas a realizar de interese xeral e social en beneficio da comunidade, para a súa contratación laboral temporal





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

de duración determinada, coas cláusulas específicas de traballos de interese social, a tempo completo.

A duración máxima dos contratos será de **9 meses**.

As retribucións brutas serán:

Salario mensual	Complemento destino mensual	Complemento específico mensual	Prorrata Extra mensual
600,58€	284,80€	277,88€	193,88€

3.- REQUERIMENTOS DOS ASPIRANTES

Nas instancias polas que se solicite presentarse ó proceso selectivo dos postos de traballo correspondentes, farase constar que se cumpren, con referencia á data na que expire o prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

1 Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2 Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

3 Ser maior de dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

4 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, Órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas de conformidade co previsto no artigo 56.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

5 Cumprir os requisitos e criterios para a selección establecidos no artigo 14 da convocatoria para contratación temporal de persoas para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) da Consellería de Emprego e Igualdade, publicada no DOG núm. 73, do 20 abril 2021, e na Resolución de data 28/06/2021 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se concede ao Concello de Tui a devandita subvención.

6 O traballador que sexa contratado para a realización das obras ou prestación de servizos polos que se outorgue a subvención **deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social. Engadir que non se pode tratar dun traballador que prestase servizos para o Concello de Tui, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais**

4.- PROCESO DE SELECCIÓN.



De conformidade co establecido nas orde de convocatoria, o Concello enviará unha oferta de traballo á oficina do Servizo Público de Emprego de Tui, que realizará unha sondaxe de demandantes para contratación temporal de persoas para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), da Consellería de Economía, Emprego e Industria .

O proceso de selección será o de OPOSICIÓN.

Logo da recepción das solicitudes dos candidatos, realizaranse as probas de selección que se indican de seguido, e que serán realizado na mesma sesión:

.- Primeiro exercicio: Proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatoria.

Consistirá nunha proba de coñecemento práctico, que valorará o mellor dominio da técnica precisa para o desempeño do posto que se trate, a habilidade no manexo e coidado eficiente da maquinaria, ferramentas e utensilios a utilizar no desempeño do posto de traballo , o coñecemento mecánico da devandita maquinaria, así como o uso de equipos de protección individuais, e que será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo, e realizarase no tempo que este determine

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, quedando eliminados todos aqueles aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos.

.- Segundo exercicio: (proba de coñecemento de lingua galega. (Obrigatorio e non eliminatorio)

Rematado o exercicio práctico e nesta mesma sesión, realizarase unha proba de coñecemento de lingua galega que consistirá na tradución dun texto ou unha serie de palabras de castelán ó galego ou de galego ó castelán, determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo e que se cualificará de 0 a 1, sendo este exercicio de carácter obrigatorio pero non eliminatorio.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír o Celga 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, e a Orde do 10 de febreiro de 2014 que modifica a anterior, polas pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignarán os 1 puntos. Aos efectos de quedar exentos da realización desta proba, os aspirantes achegarán xunto coa instancia, copia cotexada do certificado oficial acreditativo do nivel Celga 1 de coñecemento da lingua galega aos cales se lles asignará nesta proba 1 puntos.

5.- CUALIFICACIÓN FINAL

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións obtidas polos aspirantes nos distintos exercicios das fases da oposición. Rematada a selección, o Tribunal formulará unha proposta a Alcaldía coa **persoa** aspirante que obtivese a maior puntuación no proceso de selección, , e que se publicará mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui, e na paxina web do Concello www.tui.gal

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

So se lle comunicará esta convocatoria a aqueles interesados que veñan relacionados na sondaxe de demandantes remitidos pola oficina do Servizo Público de Emprego, en cumprimento do disposto no artigo 14 da orde de convocatoria destas axudas, debendo presentarse os interesados no Concello de Tui, nas datas fixadas na comunicación remitida pola antedita oficina,





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

para recoller as bases da convocatoria. Para formalizar a súa solicitude de participación no proceso de selección, os candidatos terán de prazo **tres días hábiles**, dende a data de recepción das presentes bases. Non serán admitidas ao proceso de selección as solicitudes presentadas con posterioridade a esta data.

As solicitudes para participar no proceso de selección presentaranse, durante o prazo establecido, exclusivamente no rexistro xeral do Concello de Tui en horario de 9 a 14 horas os días hábiles ,durante o prazo establecido.

A presentación de solicitudes de participación, débese facer no modelo facilitado polo Concello, polo que se solicita presentarse ao proceso selectivo do posto de traballo correspondente, facendo constar que se reúnen, con referencia á data na que expire o prazo de presentación de solicitudes

Xunto á instancia achegaranse a seguinte DOCUMENTACIÓN:

- Copia do DNI.
- Copia do certificado oficial acreditativo do nivel Celga 1 de coñecemento da lingua galega, aos efectos de quedar exento da realización da proba de galego.
- Declaración xurada (anexo)manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

7.- SELECCIÓN DOS CANDIDATOS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía, mediante resolución aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos. A dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no electrónica (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) do Concello de Tui e na súa páxina web, www.tui.gal relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión. Nesta resolución incluírase a composición do Tribunal, o lugar, e hora de realización dos exercicios.

As e os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo o á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias. O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade das súas e dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente en todo caso, o presidente/a e o secretario/a ou quen legalmente os substitúa.

As e os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepción de asistencias se clasificarán conforme o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razón de servizo. O Tribunal na súa actuación axustarase ao establecido nas presentes bases; no que non estea disposto, seralle de aplicación á normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 39/2015 do 14 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, coma no resto da normativa de aplicación.



8.- CONTRATACIÓN DOS SELECCIONADOS.

Rematado o proceso de selección, o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación e propondrá o concelleiro para a súa contratación á persoa que encabece o **primeiro** posto da relación do proceso selectivo. En caso de empate na devandita relación, a orde establecerase atendendo aos seguintes criterios:

**-primeiro: a maior puntuación obtida no primeiro exercicio*

**-segundo: a maior puntuación obtida no segundo exercicio*

**-terceiro: de persistir o empate, resolverase por sorteo.*

No prazo de **dous días hábiles** contados a partir do seguinte ó da publicación da relación de aspirantes propostos no taboleiro de anuncios do Concello, os aspirantes propostos para ocupar as devanditas prazas deberán presentar a documentación acreditativa dos requisitos sinalados na base 3, así como aquela que sexa requirida para formalizar a súa contratación e así poder acceder ó posto de traballo, ademais de realizar o preceptivo curso de prevención de riscos laborais, perdendo os seus dereitos se así non o fixera.

A totalidade dos aspirantes aprobados e puntuación acadada, poderá ser utilizada como listaxe de reserva, para cubrir os postos en situacións de renuncia voluntaria.

No caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización o Concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante, sen que en ningún caso a duración total do contrato inicial e o do substituto poidan exceder de 9 meses. Para o que se utilizará a listaxe arriba mencionada

A Alcaldía poderá contratar nestes casos e coa forma legal de contrato apropiada, ao aspirante que superando o proceso de selección, seguisse en puntuación na relación antedita, e así sucesivamente.

Nestes casos, o novo aspirante á contratación, terá que aportar a documentación no prazo de tres días hábiles a partir da notificación da súa proposta, e os requisitos esixidos entenderase con referencia a data en que remata o prazo de presentación da documentación.

En caso de que o proceso selectivo quedara deserto, por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún á mesma, o proceso non se volverá a levar a cabo por imposibilidade material de cumprir o prazo de contratación estipulado na resolución de contratación.

En todo o que non estea previsto nestas bases, relativo ós contratos, rexeranse polo disposto na lexislación reguladora da modalidade contractual de obra ou servizo determinado de interese social, así como pola resolución da concesión da subvención.

9.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

10.- RECURSOS





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

As persoas interesadas poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO temario

Tema 1.-Nocións xerais sobre conservación e mantemento de xardinería e espazos vexetais.

Tema 2.-Conceptos xerais de maquinaria, útiles e ferramentas básicas a empregar en tarefas de desbroce, poda e similares utilizados na conservación e mantemento de espazos vexetais.

Tema 3.-Saúde laboral. Riscos específicos vinculados ao posto de peón relacionado con xardinería e espazos vexetais. Medidas de prevención de riscos laborais. Equipos de protección individual

Documento asinado dixitalmente á marxe



Cod. Validación: 74PZQQA1WHXQMMML73RNAZCQAF | Corrección: <https://concellotui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7